




REAS
GALICIA



DOSSIER

QUE É REAS?

REAS Red de Redes é o principal espazo da Economía Social e Solidaria do Estado español, con 19 redes (15 territoriais e 4 sectoriais) que agrupan a 865 entidades e empresas baixo 6 grandes principios:



Podes consultar esta Carta e os seus principios na páxina web:
<https://www.economiasolidaria.org/carta-de-principios>

MISIÓN


REAS Red de Redes (en adiante, REAS RdR) ten como misión fundamental promover a Economía Solidaria como un instrumento ao servizo da sustentabilidade da vida, onde as persoas e o medio estean por riba doutros intereses. Configúrase como movemento social e económico: social en alianza con outros movementos sociais, culturais e ecolóxicos para denunciar, resistir e construír outro modelo de desenvolvemento máis xusto, participativo, humano, solidario e ecolóxico; e económico ao incorporar a todas as nosas relacións económicas (producción, consumo, finanzas e distribución) os principios da economía solidaria.



Reas Galicia forma parte de REAS RdR. Xuridicamente, REAS Galicia é unha asociación de carácter non-lucrativo, sen filiación partidista nin relixiosa, con ámbito de actuación en todo o territorio galego.

QUEN FORMA REAS?

Unhas 50 000 persoas participan en REAS (a metade aproximadamente, contratadas), cuns ingresos anuais de 987 millóns de euros.



CONSOLIDACIÓN DE INSTRUMENTOS COMÚNS



MERCADO SOCIAL GALEGO

Un dos principais obxectivos a medio prazo de REAS Galicia é ser quen de consolidar un mercado social galego. Trátase dunha rede territorializada de produción, distribución e consumo de bens e servizos, de aprendizaxe común, que funciona con criterios éticos, democráticos, ecolóxicos e solidarios, constituída tanto por empresas e entidades da economía solidaria e social como por consumidores/as individuais e colectivos.

No eido galego, e a iniciativa de varias entidades socias de REAS Galicia, xa está en marcha o proxecto **BEN MERCADO**, que busca ser un lugar onde facer consumo consciente a golpe de clic.



AUDITORÍA SOCIAL

O segundo dos instrumentos que seguiremos tentando consolidar é a **auditoría social**. A auditoría é unha ferramenta que axuda a avaliar a actividade das entidades da rede tendo en conta a evolución de indicadores non só económicos, senón tamén sociais e ambientais: xénero, toma de decisións, consumo de enerxía, distribución salarial... Cos resultados confecciónase un informe territorial e estatal coa realidade dun número crecente de entidades. A auditoría vaise realizar todos os anos.



COMPRA PÚBLICA RESPONSABLE

REAS está a ser referente neste tema en varios territorios e promoveuse en 2016 un equipo e unha ferramenta web para responder á demanda crecente sobre compra pública socialmente responsable das administracións públicas:

<http://www.contratacionpublicaresponsable.org/>

Cómpre destacar tamén a participación de REAS RdR no IV Congreso de Compra Responsable. Celebrouse o 22 de outubro de 2015 en Madrid, organizado por IDEAS en colaboración con REAS RdR, a Asociación Española de Profesionais de Compras, Contratación e Aproveccionamento (AERCE), a Confederación de Consumidores e Usuarios (CECU), e a Coordinadora Estatal de Comercio Xusto (CECJ).

CLÁUSULAS
ÉTICAS

CLÁUSULAS
SOCIAIS

CLÁUSULAS
MEDIO-
AMBIENTAIS



ESTRUTURA DE REAS GALICIA

Pola idiosincrasia galega, ligada ás microempresas e á dispersión xeográfica, en REAS Galicia contamos con dous tipos de socias: dunha banda, as entidades e empresas que participan na ESS galega e, doutra, persoas que colaboran a título individual.

O máximo órgano decisorio é a asemblea de todas as entidades e persoas socias, que se reúne de forma ordinaria catro veces ao ano. O resto do tempo, a Xunta Directiva encárgase da actividade cotiá e créanse comisións específicas para traballar en tarefas concretas.

Desas catro xuntanzas anuais, ten especial relevancia o Encontro, que vimos celebrando cada primavera desde 2016. É un espazo de visibilización e mostra da fortaleza crecente da nosa rede.



COMUNICACIÓN

A información relacionada coa economía solidaria e con REAS Rede de Redes está distribuída en varios sitios web:

No portal www.economiasolidaria.org, renovado recentemente, pódese atopar todo o relacionado coa economía social e solidaria, cunha axenda actualizada de eventos.

O portal www.reasred.org, en renovación, é o sitio web institucional de REAS e nel pódese atopar información sobre a Rede e sobre as distintas redes territoriais e sectoriais.

A web www.mercadosocial.net agrupa a información relativa aos distintos mercados sociais postos en marcha no conxunto do Estado. No caso concreto de Galicia, contamos cun marketplace propio: benmercado.gal.

Por último, na web www.mecambio.net recolleemos consellos e información sobre alternativas para practicar un consumo responsable.



ENTIDADES SOCIAS DE REAS GALICIA



reasgalicia@reasnet.com

